

**BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA
ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DO
CONCELLO DE SOUTOMAIOR PARA O CURSO
2018/2019**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
I

A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art.27 EAG).

A normativa de réxime local, no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local e no artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, correspondéndolle como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Ademais, a Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: “continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais”; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: “continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela” (Disps. Adics. 1ª e 4ª Lei 5/2014).

//

Xa máis especificamente no eido da normativa sectorial, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións Locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por último, a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

///

Por todo isto, promóvese a concesión de axudas municipais de material escolar, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

BASES

PRIMEIRA. *Obxecto da subvención*

A presente convocatoria ten por finalidade a concesión do material escolar necesario para o curso 2018/2019 do alumnado matriculado en educación infantil, primaria, secundaria ou bacharelato dos centros docentes do concello de Soutomaior así como para o alumnado do concello de Soutomaior que curse bacharelato noutro centro, FP ou PCPI.

Entenderase por material escolar o necesario para realizar as actividades que se desenvolvan ou se promovan no centro docente, como cadernos de soporte, material de papelería non reutilizable ou material de manualidades, excluindo expresamente os libros de texto.

O outorgamento destas subvencións realizaranse en réxime de concorrencia competitiva dacordo cos criterios recollidos nestas bases.

SEGUNDA. *Publicidade e prazo*

A publicación das presentes bases realizarase a través de bandos, no taboleiro de anuncios dos servizos sociais, na páxina web e nas redes sociais do concello, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no periódico Faro de Vigo a través de comunicado.

O prazo de presentación será de 30 días hábiles, contando dende o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3b, 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións-BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). As solicitudes deberán presentarse, segundo o modelo facilitado no concello e as mesmas poderán presentarse no Rexistro do concello de Soutomaior ou nalgún dos lugares que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as bases de convocatoria.

TERCEIRA. *Compatibilidade*

Serán compatibles estas axudas con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes públicos ou privados, sempre que o importe global das subvencións outorgadas non sexa superior ao 100%. As persoas beneficiarias das subvencións deberán comunicar ao concello todas aquelas axudas solicitadas, as concedidas, e o importe das mesmas.

CUARTA. *Requisitos xerais*

Para poder optar a estas axudas, as persoas interesadas deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- A unidade familiar deberá estar empadroada no concello de Soutomaior.
- Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Ser pai, nai ou titor legal do alumnado matriculado durante o curso escolar 2018/2019 en educación infantil secundaria ou bacharelato dos centros docentes do concello de Soutomaior así como para o alumnado do concello de Soutomaior que curse bacharelato noutro centro, FP ou PCPI.
- Ter presentada a solicitude e documentación nos prazos estipulados na presente convocatoria.
- Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM per cápita, que equivale ao 100% do subsidio básico da RISGA.

No caso de non existir datos de ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ao subsidio básico da RISGA (4.840,56€/anuais).

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
2	806,76€	9.681,12€

3	1.210,14€	14.521,68€
4	1.613,52€	19.362,24€
5	2.016,90€	24.202,80€
6	2.420,28€	29.043,36€
7	2.823,66€	33.883,92€
8	3.227,04€	38.724,48€
9	3.630,42€	43.565,04€
10	4.033,80€	48.405,60€

Para estes efectos, considérase que a capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos os gastos xustificadas en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para a compra da vivenda que constitúa o seu domicilio habitual, ata un máximo de 300€/mes dividido polo número de membros que integren a unidade familiar.

Para os efectos desta axuda enténdese por unidade familiar de convivencia a formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.

Tendo en conta a natureza desta axuda e a súa finalidade, ao abeiro do disposto no art. 13.2 da LXS (lei 38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

QUINTA. *Obrigas*

As persoas solicitantes das subvencións quedan obrigadas a:

- Cumprir coas estipulacións recollidas na Lei xeral de subvencións.
- Responder legalmente da veracidade dos datos expostos e documentación presentada.
- Comunicar tódalas axudas percibidas para o financiamento do material escolar.
- Mercar o material escolar subvencionado en calquera librería do municipio, co obxectivo de dinamizar o comercio de Soutomaior.

SEXTA. *Solicitud e documentación*

Xunto coa solicitude as persoas interesadas deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificado de convivencia da unidade familiar.

- Fotocopia do libro de familia.
- No caso de alegar non convivencia da parella, é dicir, de ser familia monoparental e de que o/a menor estea recoñecido/a legalmente por ámbolos pais e non exista matrimonio, aportarase certificado de non convivencia emitido pola policía local.
- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador, así como xustificantes bancarios das aportacións por alimentos e/ou compensatorias ou no seu defecto, denuncia por incumprimento da sentenza.
- No caso de que as/os menores estean en situación de acollemento por resolución administrativa ou auto xudicial, deberase acreditar mediante copia do certificado do organismo competente e, se é o caso, a contía da remuneración.
- Documentación que xustifique os ingresos do presente ano de tódolos membros da unidade familiar. No caso de ser pensionistas ou persoas desempregadas achegarase certificado do organismo correspondente, os autónomos deberán presentar as declaracións trimestrais do IRPF, no caso de rendas do traballo presentaranse copia das nóminas e se perciben prestacións presentarase a resolución do organismo correspondente.
- De ser o caso, copia do contrato de aluguer máis dous xustificantes das transferencias bancarias ou recibos dos 2 meses anteriores á data da presentación da solicitude.

Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos non consten os seguintes datos:

- Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura).
 - Identificación do arrendatario/a (inquilino).
 - Enderezo da vivenda alugada.
 - Mes e importe.
- De ser o caso, informe da entidade bancaria sobre os gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual no que conste:
 - Persoa titular do préstamo hipotecario e NIF.
 - Enderezo da vivenda hipotecada.
 - Número de préstamo.

- Copia dos recibos de pagamento da hipoteca dos 2 meses anteriores á presentación da solicitude.
- No caso de aprobar tódalas materias en xuño, xustificante da matrícula do alumnado de educación infantil, primaria, secundaria ou bacharelato dos centros docentes do concello de Soutomaior así como para o alumnado do concello de Soutomaior que curse bacharelato noutro centro, FP ou PCPI. Se lles quedase algunha materia para setembro aportárase a formalización da matrícula do 1 ao 10 de setembro.

O concello poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada ou calquera outra que considere convinte na instrución do procedemento de resolución.

SÉTIMA. *Orzamento.*

O orzamento previsto para o financiamento destas axudas ascende á contía de 2.000€ que se imputará con cargo á partida 231.0480 do orzamento do ano 2018.

OITAVA. *Tramitación e subsanación de solicitudes.*

A xestión do procedemento administrativo levarase a cabo pola departamento de servizos sociais do concello ao que irán dirixidas as solicitudes para acollerse á presente subvención.

Unha vez rematado o prazo de presentación das mesmas, e revisada a documentación presentada, requirirase para presentar nun prazo improrrogable de 10 días a documentación necesaria para resolver o expediente e de non facelo así, desestimárase ao abeiro do disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Unha vez valoradas tódalas solicitudes polo departamento de servizos sociais conforme aos criterios que constan nestas bases, elevará a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno Local.

O prazo máximo para ditar resolución será de dous meses dende a finalización da presentación das solicitudes.

Aprobada a proposta, notificaráselle ás persoas interesadas o resultado da convocatoria. En caso de silencio administrativo entenderase as solicitudes como desestimadas.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

NOVENA. *Criterios de valoración*

Considérase que non se dispón de ingresos suficientes con que atender total ou parcialmente os gastos derivados da compra do material escolar, cando os recursos económicos mensuais da unidade de convivencia, unha vez descontados, no seu caso, os gastos procedentes da vivenda habitual (préstamo hipotecario ou aluguer), ata un máximo de 300€/mes, non superen o estipulado na base cuarta.

Excepcionalmente, e para aqueles casos que así se xustifique, poderase admitir, previo informe favorable do departamento de servizos sociais do concello, a aqueles solicitantes que superen o baremo económico, non cumpran algunha das condicións esixidas nas presentes bases ou non acheguen algunha da documentación esixida, e así o fagan recomendable para garantir a educación dos/as menores.

O importe das axudas por alumno/a non superarán en ningún caso o 100 % do gasto xustificicado nin o importe seguinte:

Ciclo educativo	Contía da subvención
Educación Infantil (1ª ciclo)	10€
Educación Infantil (2ª ciclo)	50€
Educación Primaria	30€
Educación Secundaria	50€
Alumnado do concello de Soutomaior que curse Bacharelato, FP ou PCPI.	50€

No caso que o importe das axudas solicitadas sexa superior ao crédito de 2.000€, existente na partida orzamentaria 231.0480, empregárase o seguinte criterio para a concesión das axudas:

- 1º.- Situación económica: menor renda per cápita.
- 2º.- Familia monoparental.
- 3º.- Número de fillos: maior número de fillos/as.

DÉCIMA. *Forma e prazo de xustificación do cumprimento dos fins da subvención.*

Os gastos deberán ser xustificados antes do 30 de decembro do presente ano e para o seu libramento deberán presentar os seguintes documentos:

1.- Facturas orixinaís de compra emitidas polos establecementos correspondentes cos datos identificativos dos mesmos así como o da persoa solicitante, igualmente deberase detallar o material adquirido tanto en unidades como características e prezo co desglose do IVE que puidera corresponder.

2.- Acreditación do gasto realizado, é dicir, que foi efectivamente pagado mediante:

a) Transferencia bancaria.

b) Si a forma de pago é en metálico ou documento xustificativo consistirá nun recibí firmado e selado polo proveedor no que debe especificarse a factura xustificativa do gasto a que corresponde o pago e a súa data, debaixo da sinatura debe aparecer o nome e número do NIF da persoa que asina o recibí.

Tamén poderá solicitarse ao concello que este realice directamente o pago ao proveedor/es das facturas xustificativas da subvención.

DÉCIMA PRIMEIRA. *Procedemento de reintegro de subvencións percibidas.*

No caso de que con posterioridade ao pago dunha subvención se descubra que as persoas beneficiarias non se atopaban nas condicións necesarias para acceder a elas, ou non xustificaran as cantidades xa percibidas en concepto de anticipo, estarán obrigadas a devolver as mesmas incrementadas no tipo de xuro do diñeiro, sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que dean lugar.

DISPOSICIÓN FINAIS

En todo aquilo non regulado expresamente nestas bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei Xeral de Subvencións e da Lei de Subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro das subvencións (Arts. 37 LXS e 33LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei Xeral de Subvencións e o seu regulamento e desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de Réxime Local, a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Soutomaior, as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Soutomaior, 23 de xullo de 2018.
O ALCALDE

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE